

UN AMOR DE VERAN

137

[Catherine Corsini, 2015]

ESTREA EN NUMAX: 29.07.2016 | V.O.S.E. | +12

FICHA TÉCNICA

La belle saison (2015, 105')

Dirección: Catherine Corsini

Guión: Catherine Corsini, Laurette Polmans

Reparto: Cécile de France, Izïa Higelin, Noémie Lvovsky, Kévin Azaïs, Laetitia Dosch, Benjamin Bellecour, Eloïse Genet, Patrice Tepass

Montaxe: Frédéric Baillehaiche

Dirección de arte: Frédéric Cambon

Vestuario: Jürgen Doering

Son: Benoît Hillebrant

Música: Grégoire Hetzel

Fotografía: Jeanne Lapoirie

Produtora: Chaz Productions / France 3 Cinéma / Artémis Productions / Canal+ / Orange Cinéma Séries / France Télévisions / Jouror Productions / Indéfils 3 / Soficinéma II / Cinémage 9 / Région Limousin / Centre National de la Cinématographie (CNC) (Francia)

Distribuidora: Golem

Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Francés

FILMOGRAFÍA

Tres mundos, 2012

Partir, 2009

Les ambitieux, 2007

La nueva Eva, 1999

Les amoureux, 1992

PREMIOS E FESTIVAIS

Locarno 2015 (premio Piazza Grande), César 2015, nomeada á mellor actriz principal (Cécile De France) e actriz secundaria (Noémie Lvovsky), Lumière 2016 (mellor música)

SINOPSE

París, 1971. Delphine coñece a Carole. A primeira, filla de labregos, múdase á capital para acadar a independencia económica e ser dona da súa propia vida. A segunda ten mozo e vive felizmente os comezos do movemento feminista. A Delphine, misteriosa e reservada, gústanlle as mulleres. Carole nin pensou nesa posibilidade.

«Corsini consegue algo realmente complexo: capturar unha desbordante plenitude sensorial, sen negar nin dramatizar a súa inevitábel condición efémera»

Jordi Costa. EL PAÍS



UN AMOR DE VERÁN

[Catherine Corsini, 2015]

“Un amor de verán é o meu Brokeback Mountain”

Entrevista a Catherini Corsini
por Lucas Guthmann

A homosexualidade é un tema sobre o que regresas logo de bastante tempo. Por que esperaches tanto tempo en poñelo en primeiro plano?

Difícil responder a esa cuestión sen falar da miña evolución. É moi persoal. Abordei a homosexualidade bastante cedo, en *Les amoureux* (1992), no que un dos meus personaxes descubría que lle gustaban os rapaces mais non era quen de asumilo e menos aínda de vivilo. Era ademais rexeitado por aquel a quen amaba. En *La nueva Eva* (1999) rodeei o personaxe de Karine Viard dunha multitude de compañeiras homosexuais, fadas madrriñas que a axudaban a saír de situacións difíciles. En *La répétition* (2001), con Emmanuelle Béart e Pascale Bussières, atopamos tamén unha atracción moi forte entre as dúas heroínas.

Desta volta, é certo, é a primeira na que trato o tema a fondo. A visión dun fermoso documental de Sébastien Lifshitz chamado *Les invisibles* (2012) xogou un papel esencial. Mergulleime na emoción dos homes e mulleres que contaban a súa historia. A partir destas persoas da vida real tentei facer a miña ficción. E tiña tamén ganas de que as mulleres tiveran a súa grande historia de amor. *Un amor de verán* é un pouco o meu *Brokeback Mountain* (Ang Lee, 2005) levado á meseta de Millevaches...

Que ten de autobiográfico? Hai algo de min nos dous personaxes: Carole a parisina, Delphine a provinciana. Comparto con Delphine un sentimento de impotencia. Ela oculta o que sente por medo á opinión dos demais. Será en París onde consiga vivir a súa atracción cara ás mulleres porque se sente anónima, mais cando regresa á terra natal volve illarse. Nos anos 80, cando me instalei en París, coñecín moitos mozos e mozas no seu caso, libres para asumir á fin os desexos que non se atrevían a vivir na súa casa.

Pola outra banda, vivín o que lle acontece a Carole: o seu desexo cara ás

mulleres veulle de golpe. A comparación fica aí, porque eu tardei moito tempo en aceptar e expoñerme como homosexual. Logo a miña vida mudou e agora vivo en parella cunha muller. Hoxe vexo unha chea de mozas que asumen plena e abertamente a súa homosexualidade. Pensei que era o momento de pasar á acción mais tiña medo de non contar coa audacia e a liberdade necesarias. De ser incapaz de facer agromar na pantalla o amor entre mulleres. Como se o coñecemento íntimo do tema fose un obstáculo.

Que foi o que te liberou? Pode ser que o feito de situar o filme nos anos setenta. Ao comezo traballei con Marie Amachoukeli, a moza guionista e co-realizadora de *Party Girl* (Marie Amachoukeli, Claire Burger & Samuel Theis, 2014). Finalmente ela marchou para facer o seu filme, a nosa colaboración foi curta mais ela convenceume de situar a miña historia no pasado. Entendín que falar de obstáculos no presente non daba unha imaxe atrevida da homosexualidade hoxendía. A miña entrevista con ela tivo o efecto dunha sesión cun psicanalista laciano. Marie foi rápida e clara no seu xuízo e logo de reflexionar entendín que tiña razón.

Daquela intereseime polas fontes do feminismo, indisociábel do movemento lésbico. Neses anos moitas militantes tiveron experiencias homosexuais coa idea de sobrepassar os xéneros e fomentar a fraternidade entre mulleres. As lesbianas fixeron moito pola emancipación das mulleres e o movemento feminista pola visibilidade das minorías sexuais. Unha figura que me seduciou notabelmente: Carole Roussopoulos, a primeira videasta que filmou as loitas das minorías, especialmente as mulleres. É a ela e a Delphine Seyrig, coa que realizou *Maso et Miso vont en bateau* (1975) e *Scum Manifesto* (1976) a quen debo o nome das miñas heroínas.

Publicado en <http://www.cinecomca.com/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

***El segundo sexo*, Simone de Beauvoir.**
Cátedra, 2005

***La invitada*, Simone de Beauvoir.**
Edhasa, 2015

***Manifiesto SCUM: edición comentada*, Valerie Solanas.** Her-Story, 2011

***El género en disputa: el feminismo y la subversión de la identidad*, Judith Butler.**
Paidós, 2007

***L'amor lliure: Eros i Panarquia*, Oswaldo Baigorria.** Aldarull, 2014

***La mística de la feminidad*, Betty Friedan.** Cátedra, 2009

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME